

I Concurso Fotográfico Enmárcate en Tui



Bases I Concurso “Enmárcate en Tui”

Obxectivo

Co obxectivo de promocionar a imaxe turística de Tui e a cidade o Concello de Tui, a través das concellerías de Patrimonio e Turismo, convoca o **I Concurso Enmárcate en Tui**.

Participación

No mesmo poderán participar todas as persoas maiores de idade que o desexen, independentemente do seu lugar de residencia, cun máximo de dúas fotografías orixinais e inéditas, en cor ou branco e negro, tomadas no marco situado na rúa Martínez Padín, a carón da ponte do río Tripes, na área de autocaravanas.

As fotografías deben ser enviadas ao correo electrónico comunicacion@tui.gal coa solicitude de inscrición no concurso accesible na web www.tui.gal e o asunto “Concurso Enmárcate en Tui”.

Prazo

As fotografías deberán remitirse entre o **23 de agosto e o 30 de setembro de 2019** ás 23.59 h.

Publicación das fotografías

A medida que se reciban as fotografías iranse compartindo nun albume titulado “Concurso Enmárcate en Tui” na páxina de [Facebook do Concello de Tui](#), xunto co nome e apelidos do autor ou autora e cidade de orixe. Serán numeradas seguindo a orde de recepción.

A única finalidade das fotografías remitidas será a participación no concurso, a súa publicación no facebook municipal, e a imaxe gañadora será remitida aos medios de comunicación xunto co fallo do xurado.

Premio

Entre todas as fotografías recibidas un xurado, designado polo Concello de Tui, elixirá a gañadora que recibirá coma premio unha réplica do pórtico da Catedral. O fallo do xurado darase a coñecer o **venres, 4 de outubro** de 2019

Protección de datos

Información básica sobre protección de datos: (Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril 2016, RGPD, e Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, 3/2018, LOPDGDD)

I Concurso Fotográfico Enmárcate en Tui



O Concello de Tui é o responsable do tratamento dos seus datos persoais coa finalidade da realización do “I concurso fotográfico Enmárcate en Tui”, baixo a lexitimación dun contrato o precontrato, (art. 6.1b) do RGPD) e por cumprimento dunha Misión de interese público ou Exercicio de poderes públicos (art. 6.1 e)). Os seus datos, poderán ser publicados en medios públicos e no Facebook do Concello. Asístenlle os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación que poderá exercer nas nosas oficinas ou no enderezo electrónico: rexistro@tui.gal, onde poderá solicitar o modelo para iso. Dispón da información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa web www.tui.gal no apartado de políticas de privacidade.

Outras normas

O Concello de Tui poderá adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera incumprimento das bases do concurso, o que conlevará a exclusión do participante e a perda de todo dereito ao premio que eventualmente obtivese. Igualmente a exclusión dalgunha fotografía que se considere que non cumpra un mínimos de calidade, respecto e decoro.

A simple participación neste concurso implica a aceptación destas Bases na súa totalidade e o criterio interpretativo do Concello de Tui, en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente concurso, polo que a manifestación, no sentido de non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia da mesma, e o Concello de Tui, quedará liberado do cumprimento de calquera obrigaición contraída con el.

O Concello de Tui resérvase o dereito a introducir cambios na mecánica ou funcionamento do concurso ou a finalizalo de xeito anticipado se fose necesario por xusta causa, sen que diso poida derivarse responsabilidade algunha. Estes cambios comunicaranse debidamente.

A interpretación e o incumprimento das presentes Bases rexeranse pola lexislación española. Calquera controversia que resultase da interpretación ou cumprimento das presentes bases, someterase aos Xulgados e Tribunais da cidade de Tui.

I Concurso Fotográfico Enmárcate en Tui



Solicitud de participación no I Concurso fotográfico Enmárcate en Tui

Nome:

Apelidos:

Enderezo:

Teléfono:

E-Correo:

Data en que foi tomada a fotografía/a:

Título da fotografía/as (*opcional):

1.-

2.-

Autorizo ao Concello de Tui a publicar a miña fotografía na súa páxina oficial de [Facebook](#) para participar no concurso fotográfico **Enmárcate en Tui** convocado polas concellerías de Turismo e Patrimonio.

Acepto as bases que rexen o concurso fotográfico Enmárcate en Tui.

No caso de aparecer menores na fotografía acepto a publicación da imaxe baixo a miña responsabilidade.

Información básica sobre protección de datos: (Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril 2016, RGPD, e Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, 3/2018, LOPDGDD)

O Concello de Tui é o responsable do tratamento dos seus datos persoais coa finalidade da realización do “I concurso fotográfico Enmárcate en Tui”, baixo a lexitimación dun contrato o precontrato, (art. 6.1b) do RGPD) e por cumprimento dunha Misión de interese público ou Exercicio de poderes públicos (art. 6.1 e)). Os seus datos, nome e apelidos, imaxe e a cidade de orixe, poderán ser publicados en medios públicos e no Facebook do Concello, seguindo as bases publicadas e aceptadas por vostede ao cubrir a solicitude. Asístenlle os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación que poderá exercer nas nosas oficinas ou no enderezo electrónico: registro@tui.gal, onde poderá solicitar o modelo para iso. Dispón da información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa web www.tui.gal no apartado de políticas de privacidade.